

# PROGRAMA DE PORTUGUÉS

## OBXECTIVOS

A proba ten como obxectivo básico e xeral a comprobación do dominio funcional da lingua portuguesa por parte da/o candidata/o, tanto na dimensión pasiva como activa da lingua, no seu uso escrito. Ao mesmo tempo, o exame estará nucleado polo coñecemento de asuntos fulcrais da lingua portuguesa no mundo con base no programa que se xunta.

## FORMATO DO EXAME

1. A proba consistirá na comprensión e desenvolvemento de preguntas a partir dun texto en lingua portuguesa, dunha extensión media de 25-30 liñas.
2. Serán formuladas en lingua portuguesa 5 preguntas, a que tamén se responderá obrigadamente en portugués, por escrito e sen axuda de dicionarios ou outros materiais didácticos.

### a) Estructura e tipoloxía das preguntas.

1. Na primeira pregunta o/a candidato/a deberá intitular un texto de maneira a recoller o máis fielmente posíbel a historia ou situación que se presenta e elaborar unha pequena síntese ou estrutura do mesmo, que permita verificar que o/a candidato/a sabe efectivamente de que trata o texto e o modo en que el está presentado. Exemplo:

*Intitule o texto e elabore una síntese do mesmo.*

3. A segunda pregunta centrarase na comprensión das estruturas semánticas do texto. Pode formularse así:

*Explique o sentido das frases ou palabras seguintes*

3. A terceira pregunta visa coñecer a capacidade de elaboración do discurso por parte da/o candidata/o. Será proposta a realización dun comentario cun asunto vinculado ao sentido do texto, en 25-30 liñas. Pode ser formulada das seguintes maneiras:

*Qual é a sua opinião sobre a tese do texto?*

Ou

*Qual é a sua opinião sobre X assunto?*

4. Esta pregunta visará coñecer o dominio morfo-sintáctico da lingua portuguesa por parte do candidato. Serán propostas algunhas cuestións vinculadas ao texto no relativo a formas verbais, estruturas sintácticas, uso e colocación de pronomes, formacións derivadas, etc. De maneira orientativa, estas cuestións poden ser do seguinte teor:

- *Complete as seguintes frases, colocando a forma verbal pertinente*
- *Indique os plurais de*
- *Escreva a terceira pessoa de singular do pretérito perfeito dos seguintes verbos*

5. A quinta pregunta ten como obxectivo determinar o coñecemento da/o candidata/o da situación da lingua portuguesa no mundo con base no programa que se xunta. Deberá, para iso, redixir un texto con, como mínimo, cento e cincuenta palabras, cuxo título se corresponderá con algún dos ítems indicados no Programa que se xunta.

### **PROGRAMA CONHECIMENTO DA HISTÓRIA E ACTUALIDADE DA LÍNGUA PORTUGUESA**

1. História da língua portuguesa: principais períodos. A expansão linguística portuguesa.
3. A língua portuguesa no mundo. Unidade e diversidade.
4. O português lusitano.
5. O português do Brasil.
6. O português em África. Os crioulos africanos.
7. O português e os crioulos na Ásia e na Oceânia.
8. Variação sociolinguística do português lusitano e do português brasileiro. Aspectos sociolinguísticos do português em África.
10. A língua portuguesa e a Galiza. A Galiza e a Lusofonia.
11. Problemas actuais da língua portuguesa. Os Acordos Ortográficos. O eixo Portugal-Brasil e os PALOPs: medidas de coesão interna e de projecção internacional.

#### **b) Valoración das preguntas.**

- |                     |           |
|---------------------|-----------|
| - Primeira pregunta | 2 valores |
| - Segunda pregunta  | 2 valores |
| - Terceira pregunta | 2 valores |
| - Cuarta pregunta   | 2 valores |
| - Quinta pregunta   | 2 valores |

Terase en conta a corrección gramatical, a riqueza do léxico, a coherencia e a ordenación lóxica na exposición do discurso.

### **BIBLIOGRAFIA RECOMENDADA**

- ALMEIDA, J. - SAMPAIO E MELO, A.: *Dicionário da língua portuguesa*, Porto: Porto Editora, ed. mais recente.
- CINTRA, Lindley, CUNHA, Celso: *Nova gramática do português contemporâneo*. Lisboa: Edições Sá da Costa Lda., 1984.
- COIMBRA, Olga, LEITE, Isabel, *Gramática activa 1 e 2*. Lisboa: Lidel, 1998.
- CUNHA, Celso, *Língua Portuguesa e Realidade Brasileira*. Rio de Janeiro, Tempo Brasileiro, 1982 (8ª ed.).
- Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro: Objetiva, 2001.
- FERREIRA, A. Buarque de Holanda, *Novo dicionário da língua portuguesa*, Rio de Janeiro: Nova Fronteira, 2000.
- FERRONHA, António Luís (coord.), *Atlas da Língua Portuguesa na História e no Mundo*. Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda /CNCDP/União Latina, 1992.
- LAPA, Manuel Rodrigues, *Estilística da Língua Portuguesa*. Coimbra, Coimbra Editora, 1977 (9ª ed.).
- LAPA, Manuel Rodrigues, *Estudos galego-portugueses*. Lisboa, Sá da Costa, 1979.
- MONTEIRO, Deolinda, PESSOA, Beatriz, *Guia Prático dos Verbos Portugueses*. Lisboa: Lidel, 1999.

ROSA, Leonel, *Vamos lá continuar!*, Lisboa: Lidel, 1998.

TARALLO, Fernando - ALKMIN, Tânia: *Falares crioulos. Línguas em contato*. São Paulo, Editora Ática, 1987.